

**AUDIOVISUAL**

■ O filme narra a odisea da emigración

## Alberte Pagán gaña o Premio Romà Gubern de cine con 'Bs.As.'

O cineasta galego Alberte Pagán, polo seu filme, *Bs.As.*, comparte con María Cañas, por *A cousa nosa*, a segunda edición do premio internacional Romà Gubern de Cine-Ensaio da Universidade Autónoma de Barcelona (UAB).

*Bs.As.*, de Pagán, foi galardoada por unanimidade por "a implicación persoal, a revisión histórica e a utilización do seu coñecemento da vangarda cinematográfica para crear momentos de forte intensidade fílmica", segundo especificou o xurado do certame.

Con anterioridade, Pagán dirixiu as curtas *Como foi o conto* (2004), *Os Waslala* (2005). En *Bs.As.*, desenvolve as peripecias dos galegos que tiveron que emigrar empurrados pola fame e coa guerra civil como pano de fondo.

Nesta edición, os membros do xurado outorgaron dúas mencións de honra para *Wide Awake*, de Alan Berliner, e *De la hospitalidad, derecho de autor*, de Oriol Sánchez e Miguel Amorim,

Ademais de cineasta, Alberte Pagán é autor de libros como *A mirada impasível (A filmografía de Andy Warhol)*, publicado por Positivas, o primeiro ensaio que existe sobre a vertente cinematográfica da célebre icona da arte pop. Ademais, foi comisario de distintas exposicións de autores como Eugenio Granell ou Julio Cortázar. ● MARÉ

## El gallego Alberte Pagán gana el II Romà Gubern

**IMAGEN** ► El jurado distingue la intensidad fílmica de la pieza 'Bs. As.', del realizador de O Carballiño

REDACCIÓN • SANTIAGO

Los cineastas Alberte Pagán (O Carballiño, 1965) y María Cañas, con *Bs.As.* y *La cosa nuestra*, respectivamente, han ganado ex equo el II premio internacional Romà Gubern de Cine-Ensayo de la Autónoma de Barcelona. Ayer se hizo entrega del galardón, que premia las mejores producciones primerizas del cine-ensayo. *Bs.As.*, de Pagán, fue premiada por unanimidad por "la implicación personal, la revisión

histórica y la utilización de su conocimiento de la vanguardia cinematográfica para crear momentos de fuerte intensidad fílmica". Licenciado en Filología Inglesa y Española, Pagán ha publicado varios libros y artículos sobre cine experimental. Ha comisariado exposiciones sobre cine experimental y el cine de Eugenio Granell y Cortázar. Como realizador, ha firmado *Como foi o conto* (2004) y *Os Waslala* (2005).

El Correo Gallego  
cultura@elcorreogallego.es

75

